

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL QUINCE.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Valdoviño, ás vinte horas do día dezaseis de outubro de dous mil quince, reúñese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación para celebrar sesión ordinaria correspondente a este día. Ausente por motivos persoais o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, preside a sesión a 1^a Tenente de Alcalde, dona Rosa Ana García López, e con asistencia dos concelleiros: don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Jessica Sabín Fernández, e don Alejandro Antonio García Sousa pertecentes ao PSdeG-PSOE; don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona María Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luis Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL); don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos Por Valdoviño (U POR V).

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptaron os seguintes acordos, conforme á Orde do Día:

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 18.09.15 (ORDINARIA).-

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, aprobou a acta da sesión ordinaria do día 18.09.15.

2º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA SESIÓN PLENARIA DO 6 DE XULLO DE 2015, QUE FIGURA NO PUNTO 5º DA ACTA DESA SESIÓN: CREACIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓN INFORMATIVAS.-

A proposta de Alcaldía que se transcribe, recibiu o ditame favorable da comisión informativa de Planificación e Xestión Administrativa, en sesión do 13 de outubro de 2015:

PROPOSTA DE ALCALDIA AO PLENO DA CORPORACIÓN

“Visto escrito rexistro de entrada núm. 2802 de data 20.07.15, que foi obxecto de estudio na pasada comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa do 15.10.2015, do seguinte contido:

“La composición de las Comisiones Informativas viene regulada en diversas normas estatales y autonómicas, todas ellas de idéntico tenor, si bien con algunas modulaciones de relevancia en lo que se refiere a la normativa autonómica de Galicia.

Legislación básica estatal

Con carácter de legislación básica la Ley 7/1985, reguladora de las bases del Régimen Local dispone en su artículo 20.1 c):

“En los municipios de más de 5.000 habitantes y en los de menos en que así lo disponga su reglamento orgánico o lo acuerde el Pleno, existirán, si su legislación autonómica no prevé en este ámbito otra forma organizativa, órganos que tengan por

objeto el estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del Pleno, así como el seguimiento de la gestión del Alcalde, la Junta de Gobierno Local y los concejales que ostenten delegaciones, sin perjuicio de las competencias de control que corresponden al Pleno. Todos los grupos políticos integrantes de la corporación tendrán derecho a participar en dichos órganos, mediante la presencia de concejales pertenecientes a los mismos en proporción al número de Concejales que tengan en el Pleno”.

Este precepto básico es desarrollado en el ámbito estatal por el Reglamento de Organización, funcionamiento y régimen jurídico de las Entidades Locales (Real Decreto 2568/1986), cuyo artículo 125 b) establece literalmente:

“Cada Comisión Informativa estará integrada de forma que su composición se acomode a la proporcionalidad existente entre los distintos grupos políticos representados en la Corporación”.

Ley de Administración Local de Galicia

Por su parte, y en cuanto legislación autonómica de desarrollo, la Ley de Administración Local de Galicia dice en su artículo 68.1:

“Se constituirán comisiones de estudio, informe y consulta en todos los municipios de más de 5.000 habitantes. En los demás, podrán constituirse potestativamente, si así lo acuerda el Pleno de la Corporación”.

Y en el propio artículo 68.5:

“Las comisiones estarán integradas por los miembros que designen los distintos grupos políticos que forman parte de la Corporación, de conformidad con los criterios a que se refiere el artículo 66.2 de la presente Ley”.

Este artículo 66.2 de la Ley establece:

“El número de miembros será proporcional a su representatividad en el Ayuntamiento o igual para cada grupo. En el último caso se aplicará al sistema de voto ponderado”.

Es decir, como novedad con respecto a la legislación estatal, la Ley de Administración Local de Galicia permite que las Comisiones Informativas funcionen con voto ponderado, es decir, que cada grupo tenga un solo representante y su voto valga por el número de miembros que ese grupo municipal tiene en el Pleno de la Corporación.

CONCELLO DE VALDOVIÑO

Atendiendo pues a las exigencias de proporcionalidad exigidas por la normativa estatal y autonómica de Galicia, su concreción en el concello de Valdoviño es la siguiente:

Si se parte de la premisa de que el Grupo Municipal Socialista (con 6 concejales en la Corporación) tiene 4 representantes en cada Comisión Informativa, la regla de tres simple que procede aplicar da el siguiente resultado.

6 concejales PSOE..... 4 miembros en C.
Informativas

4 concejales PP..... X

X = 2,666666

De acuerdo con las reglas generales matemáticas de redondeo por exceso cuando el primer decimal es igual o superior a 5, habría que redondear a 3 (puesto que no cabe aplicar decimales a personas).

Por su parte, partiendo de idéntica premisa, al Grupo Mixto le correspondería:

6 concejales PSOE..... 4 miembros en C.
Informativas

3 concejales PP..... X

X = 2

Por lo tanto, existe una infra-representación del Partido Popular en las Comisiones Informativas, que no se acomoda a las exigencias legales estudiadas.

Soluciones

1ª OPCIÓN: Formar Comisiones Informativas con 4 concejales del PSOE, 3 del PP y 2 del GRUPO MIXTO.

2ª OPCIÓN: De común acuerdo entre todos los grupos de la Corporación, mantener la representación de 4 concejales del PSOE y 3 del GRUPO MIXTO (para que todos ellos participen en todas las Comisiones Informativas) pero con la necesaria conformación de estas Comisiones con 3 concejales del PP. No sería obstáculo para esta solución el hecho de que la Comisión Informativa estuviera compuesta por un número par de miembros. En caso de empate en las votaciones decidiría el voto de calidad del Alcalde o, en su caso, de quien ejerza la presidencia de la Comisión Informativa”

PROPÓNSE ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte ACORDO:

1º .- Modificar a acordado no punto 5º da sesión plenaria do 6.07.15 no que se refire á composición das comisións informativas, quedando integradas por once membros: CATRO representantes do PSdeG-PSOE más o Sr. Alcalde, TRES representantes do PP; UN representante do grupo CENVAL, UN representante do grupo U POR V e un UN representante do BNG.

2º.- A denominación, réxime de reunións e funcionamento das comisións informativas manterase nos termos acordados na citada sesión plenaria do 6.07.15.

3º.- Os grupos do PSOE e PP, onde se produce a variación en número de membros, dar a adscrición concreta dos membros que en representación de cada grupo van formar parte das comisións conformadas, no prazo de TRES DÍAS HÁBILES dende a data de celebración do Pleno no que se aprueba esta modificación.

Non obstante, o Pleno resolverá o que considere máis oportuno.

A alcaldesa en funcións,

Asdo: Rosa Ana García López “

DELIBERACIÓN

A Sra. Alcaldesa en funcións, comenta que a proposta responde á petición feita polo grupo municipal do PP de incrementar o número de concelleiros do seu grupo nas comisións informativas e o grupo de governo propón a súa aceptación con incremento tamén dun concelleiro do PSOE, segundo se tratou e ditaminou na correspondente comisión informativa.

O voceiro do BNG, Sr. Ameneiros Serantes, precisa que lle gostaría que comentase este asunto o grupo do PP.

O voceiro do PP, Sr. Vigo Lago, sinala que o seu grupo desexa que se lle indique en primeiro lugar si a solicitude que fixo de incrementar en un o número de membros nas comisións informativas é legal ou non porque consideran que a súa petición se atopa no marco da legalidade.

O concelleiro do PP, Sr. Rodríguez Fernández, engade que considera que o seu grupo está actualmente pouco representado, e por elo a presentación do escrito mencionado e fai lectura parcial do contido do escrito.

O concelleiro do BNG, di que lembra que no anterior mandato estaban representados nas comisións catro concelleiros do grupo de governo e más o Alcalde e que o o Alcalde é o Presidente nato nas comisións, polo que non conta para o cómputo do nº

de integrantes. Alude igual que o fixo na comisión informativa ao voto ponderado e manifesta que non se opón á que se cree o grupo mixto, aínda que en Valdovino nunca o houbo. Di que propón aplicar o voto ponderado e que vai votar en contra da proposta que se trae para aprobación.

O concelleiro de CENVAL; Sr. Beceiro Rdguez, considera que a Lei é aberta neste senso, e que pode ou non crearse o grupo mixto.

O concelleiro de U POR V, Sr. Bacorelle Robles manifesta que si se lle quere asignar a contía do percibo de asistencia á comisión a outro grupo, incluso está dacto.

A Sra. García López, di que se vai proceder á votación da proposta de Alcaldía.
O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión aprobou a proposta de Alcaldía transcrita.

Votos a favor: O grupo do PSOE e o grupo CENVAL (6 votos)

Votos en contra: O grupo BNG e o grupo U POR V (2 votos)

Abstención: Grupo PP (4 votos).

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

3º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. RELACIÓN NÚM. 8/2015.-

| Nº | Data | Extracto do contido |
|-----|----------|---|
| 293 | 12-08-15 | Aprobar a alta no SAF ao peticionario J.P.G, segundo informe da traballadora social do concello. |
| 294 | 12-08-15 | Convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local de 13.08.15. |
| 295 | 12-08-15 | Autorizando festas de San Mamede en Valdoviño, días 17 e 18 de agosto de 2015. |
| 296 | 12-08-15 | Autorizando festas na parroquia de Meirás nos días 14 e 15 de agosto de 2015. |
| 297 | 13-08-15 | Aprobase gasto e autorizase pagamento taxa de 91,64€ a Costas en Galicia por ocupación dominio público para actividades lúdicas en praia A Frouxeira. |
| 298 | 14-08-15 | De concesión de tarxeta de estacionamento para personas con minusvalía ao peticionario don M. H. A. |
| 299 | 14-08-15 | Dando por iniciado un expte sancionador en materia tráfico. Importe: 80€ |
| 300 | 14-08-15 | Acordando suspender a tramitación do expte de reposición legalidade urbanística namentras non se teña resolución no P.O 21/2015: obras en O Boeiro-Valdoviño. |
| 301 | 18-08-15 | Autorizando festas en honor a San Martíño na pq de Pantín, días 21, 22 e 23 de agosto de 2015. |
| 302 | 18-08-15 | Convocatoria sesión ordinaria Pleno da Corporación de 21.08.15. |
| 303 | 18-08-15 | Aprobación por prestación do SAF dunha participación no custo do servizo inicial de 2,47€/h á usuaria C.L.R. ata a aprobación da modificación da ordenanza. |
| 304 | 19-08-15 | Convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local de 20.08.15. |
| 305 | 19-08-15 | Nomeando ao funcionario Senén Martínez Prieto, interventor accidental dende 20.08.15 ao 08.09.15 por vacacións da interventora. |
| 306 | 20-08-15 | Aprobando cotas –prezo público- por prestación do SAF dos meses xaneiro e febrero de 2015. Importe total: 8.727,96 euros. |
| 307 | 21-08-15 | Autorizando celebración feira multisectorial os días 21, 22 e 23 de |

| | | |
|---------|----------|---|
| | | agosto/2015 en Valdoviño. |
| 308 | 21-08-15 | Autorizando festas en honor a San Bartolo na pq de Sequeiro os días 23, 24 e 25 de agosto de 2015. |
| 309 | 21-08-15 | Dispone a concesión de tarxeta de armas, categoría 4ª 2, carabina ao peticionario J.C.L. |
| 310 | 24-08-15 | De aprobación de gastos e autorización de pagamentos que se relacionan en anexo ao decreto. Importe total: 16.568,50€. |
| 311 | 24-08-15 | Acordando a ordenación das direccións circulatorias para acceder á praia de Pantín, debido a celebración do Surf Pantin Classic Galicia Pro 2015 os días 4, 5 e 6 de setembro de 2015. |
| 312 | 24-08-15 | Convocatoria sesión Xunta goberno local de 26.08.15 |
| 313 | 25-08-15 | De permiso para realizar campaña revisión vehículos en parcela de titularidade municipal os días 8 e 9 de setembro de 2015, solicitada por "Seguros Mapfre Valdoviño". |
| 313-Bis | 25-08-15 | Concedenselle ao empregado público Israel Bogo Varela os días 26 e 27 de agosto de 2015 coma de asuntos propios. |
| 314 | 26-08-15 | Convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local de 27.08.15 |
| 315 | 27-08-15 | Delegando as funcións da Alcaldía na 1ª Tenente de Alcalde, dona Rosa Ana García López no período do 1 ao 4 de setembro (ámbolos dous incluídos). |
| 316 | 27-08-15 | De concesión de tarxeta de estacionamento para personas con minusvalía ao peticionario J.M.R. |
| 317 | 28-07-15 | De levantamento de orde de suspensión acordada en decreto 270/2015 de 24.07.15, trala vista de informe técnico municipal. |
| 318 | 28-08-15 | Aprobanse as retribucións dos funcionarios de agosto de 2015 por un bruto de 52.149,46€, igualmente do persoal laboral por 25.008,61€ e as retribucións a abonar neste mes aos corporativos por 3.584,24 euros. |
| 319 | 28-08-15 | De solicitude de subvención á Consellería de Presidencia de vehículo todo terreo tipo pickup, ao abeiro de subvención para equipamentos de emergencia (Feder-Galicia 2007-2013) |
| 320 | 28-08-15 | Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico. 20 Exptes.- Importe principal: 3.760€; bonificado: 1.880€ |
| 321 | 31-08-15 | De concesión de tarxeta de estacionamento para personas con minusvalía ao peticionario R.L.C. |
| 322 | 31-08-15 | Autorizando celebración do Pantin Classic Galicia Pro 2015 na praia de Pantín entre os días 1 e 6 de setembro, a "Club Playa Pantín"). |
| 323 | 31-08-15 | Autorizando festas en honor a Sta. María na pq de Sequeiro os días 04, 05 e 06 de setembro de 2015. |
| 324 | 01-09-15 | Aprobanse gastos e autorizanse os pagos contidos na relación anexa ao decreto, cun importe total de 48.337,55 euros. |
| 325 | 01-09-15 | Aprobando alta no SAF a dona E.R.S.; conforme a informe de traballadora social do concello. |
| 326 | 02-09-15 | Incoando expte de reposición da legalidade urbanística (RLU 3/2015) por obras sen licencia en Outeiro-Lago. |
| 327 | 02-09-15 | Aprobando a extinción do servizo do SAF por falecemento á usuaria do mesmo dona J.C.F. |
| 328 | 03-09-15 | Decreto de resolución nun expte. sancionador de tráfico. Importe principal: 200€. |
| 329 | 04-09-15 | Aprobación de expediente de modificación de crédito nº 5/15-transferencias de crédito- Importe total: 9.235,55 euros. |
| 330 | 07-09-15 | Aprobando gastos e autorizando os pagamentos segundo se relaciona en anexos a este decreto. Importe total: 56.898,06 |

| | | |
|-----|----------|---|
| | | euros. |
| 331 | 07-09-15 | Ordeando a suspensión inmediata de obras que se están a executar sen licenza no lugar de Lagares (Pantín). |
| 332 | 07-09-15 | Declarase a caducidade do expte de reposición da legalidade nº 3/212 e ordearse proceder ao seu arquivo. |
| 333 | 07-09-15 | Resolvendo incoar expte de reposición da legalidade urbanística nº 4/2015 por obras sen licencia no Paseo da Lagoa-Valdoviño. |
| 334 | 07-09-15 | Aprobase a prestación do SAF cunha participación no custo do servizo de 2,47€/h á usuaria dona P.F.G, namentres non entre en vigor a modificación da ordenanza municipal. |
| 335 | 08-09-15 | Ordeando suspensión inmediata de obras ao seu promotor realizadas no lugar de Figueiredo-Pantín. |
| 336 | 08-09-15 | Resolvendo incoar expte de reposición da legalidade urbanística nº 5/2015, por obras sen licencia en Marnela-Pantín. |
| 337 | 08-09-15 | De libramento de fondos a favor da Axencia Tributaria – recadación por 920,83€; vista notificación dilixencia de embargo a “Ofinolta, SL”. |
| 338 | 08-09-15 | Concedeselle ao funcionario Oscar Novo Martínez o día 9 de setembro de 2015, coma de asuntos propios. |
| 339 | 08-09-15 | Concedeselle á funcionaria Rita Díaz González o día 10 de setembro de 2015, coma de asuntos propios. |
| 340 | 08-09-15 | Concedenselle ao funcionario Ricardo Dopico Embade os días 14, 15, 16, 17 e 18 de setembro de 2015, coma de asuntos propios. |
| 341 | 10-09-15 | Autorizando festas patronais en honor á nosa Sra. Dos Dolores na parroquia de Lago, días 12 e 13 de setembro. |
| 342 | 11-09-15 | Autorizando festa de celebración da cucaina, na pq de Villarrube, días 11, 12 e 13 de setembro. |
| 343 | 11-09-15 | Convocatoria sesión extraordinaria, urxente de Xunta goberno local de 11.09.15. |
| 344 | 11-09-15 | Autorizando celebración de campionato galego de surf: bodyboard longboard e paddlesurf en Pantín os días 11, 12 e 13 de setembro. |

O Pleno da Corporación tomou coñecemento dos decretos da relación 8/2015.

O voceiro do PP, Sr. Vigo Lago, solicita copias dos decretos 350, 351, 379.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

- Sr. Ameneiros Serantes.- Tiña pensado presentar unha moción vía urxencia, porque se van a aprobar os orzamentos da Xunta de Galicia e pediría o consenso de todos os grupos municipais para solicitar da Xunta que incorpore nos seus orzamentos cartos para Valdoviño, para os investimentos de Centro de Día e de Gardería.

Sr. Vigo Lago.- Opino que debería facerse unha comisión e realizar estudio previo para ver a sostenibilidade da Gardería, e non facer unha petición sen máis.

Sr. Ameneiros.- Primeiro é solicitar a prestación de servizo social de gardería – porque hai moitas familias que traballan os dous proxenitores;- despois podese discutir que conte con máis ou menos prazas. Hai servizos como é este dos que non se debe valorar o custe. Igualmente ocorre co Centro de Día. Pero primeiro ten que haber un compromiso por parte da Xunta de Galicia.

Sr. García Alonso.- Entendo que primeiro deben coñecerse as necesidades de Valdoviño, para facer á petición.

Sra. García López.- Debese pedir o compromiso da Xunta, primeiro.

Sr. Rodríguez Fernández.- Deberíase tamén pedir un PAC.

Sr. Ameneiros.- Iso non creo que sexa viable porque xa o hai en Cedeira e en Narón.

Insisto no da Gardería e Centro de Día, porque non é igual unha moción do BNG aislada, que que chegue á Xunta unha moción encabezada por todos os grupos municipais.

- Sr. Ameneiros.- Interesame saber sobor das antenas de Meirás.

Sra. García López.- Non teño coñecemento de cómo se desenvolve o asunto.

- Sr. Ameneiros.- Tamén me interesa o tema do edificio “O Siroco”.

Sra. García López.- Sei que se está falando sobor disto.

- Sr. Ameneiros.- Pido que no máis curto prazo que sexa posible se faiga público o que está tramitado do Plan de Urbanismo, co que se mandou á Xunta.

- Sr. Bacorelle Robles.- Non teño ningunha pregunta.

- Sr. Beceiro Rodríguez.- Pido que se inste á Xunta para que actúe con celeridade na retirada dos enxames de avespa velutina.

Sr. Vega Fernández.- Dende os meses de xullo e agosto o concello estivo retirando a través de Protección Civil 50 enxames, e a empresa TRAGSA retirou sobre 20; están agora 8 pendentes de mirar e temos constancia duns 14 casos que se ubican en lugares prácticamente inaccesibles. Hai por exemplo en Meirás un que está a uns 30 metros. Cando os veciños avisan a concello, os retiramos sempre que podemos.

- Sr. Ameneiros.- Debería tamén retirarse a planta da “pampa”, que invade moita zona.

Sra. García López.- A Asociación “Valdoviño Azul”, con permiso, estivo traballando na retirada desta planta e colaborou tamén o Concello.

- Sr. Rodríguez Fernández.- Considero que a saca dos enxames da avespa velutina é moi importante porque ademáis supón un perigo grave; aspectos que comparten todos os grupos.

Sr. Beceiro Rodríguez.- É fundamental erradicar a avespa velutina e moi importante tamén é conservar as especies autóctonas.

Sra. García López.- Este asunto está a tratarse na Mancomunidade de Municipios.

- Sr. Vigo Lago.- Fai a recomendación de que se vaia tramitando o POS 2016 e o PAS 2015.

Sra. García López.- Estamos tamén traballando nestes asuntos.

Rematado o turno de Rogos e Preguntas, cando eran as vinte horas e corenta e cinco minutos, a Sra. Alcaldesa-Presidenta en funcións anuncia o remate da sesión e procede á levantala; extendéndose da mesma a presente acta, que coma Secretaria, CERTIFICO o seu contido.

V. e Pr.

A Secretaria,

A Alcaldesa en funcións,

